

# **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 23 DE FEBREIRO DE 2017.**

## **ASISTENTES:**

### Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

### Concelleiros:

D. Luís Rico Vereá

D. Elisardo Montero Castro

D. Jose Balado Casal

### Secretaria-Interventora:

Dna. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:30 horas do día 23 de febreiro de 2017, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, Dna. María Jesús Novo Gómez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión pola Sra alcaldesa, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES**

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/12/2016 e o día 27/01/2017, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas.

Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/12/2016 e o 27/01/2017

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

#### **2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SOCORRISMO DURANTE O EJERCICIO 2016**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 355 en data 20/02/2017, no que se notifica a resolución de aprobación da conta xustificativa e aboamento da subvención concedida para a contratación de socorrista para piscina municipal, correspondente ao exercicio 2016 por importe de 4.467,07 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.2.- RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA DE ASIGNACIÓN DE TRANSFERENCIAS FINALISTAS CORRENTES DITADAS AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO**

Pola secretaria dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, rexistrado de entrada co número 210 do día 01/02/2017, dando traslado da resolución de asignación das transferencias finalistas correntes para os conceptos e polas contías que se relacionan a continuación:

Concepto	Nº de postos de traballo financiados	Renovación	Incremento/novo (N)	Total Asignado 2014 (R+N)	Remanente (RM)	Total asignado descontado remanente (R+N-RM)	Primeiro anticipo xa librado no 1º cuadrimestre (A)
Punto de atención á infancia		0	9.211,22	9.211,22	0	9.211,22	0
<b>TOTAL</b>		0	9.211,22	9.211,22	0	9.211,22	0

Total asignado: 9.211,22 €

Líquido a percibir (2º anticipo): Total asignado descontado remanente - 1º anticipo xa librado no 1º cuadrimestre: **9.211,22 €**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.3.- RESOLUCIÓN DO DIRECTOR DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO POLO QUE SE DECLARA QUE AS OBRAS SEN LICENZA PODEN SER LEGALIZABLES**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con rexistro de entrada neste concello co número 310 en data 10/02/2017, no que se achega copia da resolución do director de data 25 de xaneiro de 2017, pola que se declara que as obras e actuacións realizadas carecendo da preceptiva licenza urbanística municipal, na parcela de referencia catastral 15010A503002370001KU poden ser legalizables, por seren compatibles co ordenamento xurídico e tamén se lle require a D. José Luis Tojo Pereiro e Dna. María Luisa Seoane Enjamio para que no prazo de tres meses presenten a solicitude da oportuna licenza de legalización das obras executadas, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA AUTORIZANDO AS OBRAS REFLECTIDAS NO ANTEPROXECTO DE RECUPERACIÓN DO ESPAZO AMBIENTALMENTE DEGRADADO NA CHOSA DA MOTA.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con rexistro de entrada neste concello co número 202 en data 31/01/2017, no que se achega copia da notificación da resolución ditada polo director en data 18/01/2017 autorizando as obras reflectidas no anteproxecto modificado para realizar obras de recuperación do espazo ambientalmente degradado de Chousa da Mota, situado ao carón do Camiño de Santiago, de acordo coas consideracións, e condicións expostas nos puntos 6 e 7 dos antecedentes e consideracións técnicas da resolución ditada.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.5.- ESCRITO DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA) RELATIVO AO CANON ANO 2017**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado do presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, con rexistro de entrada no concello co número 222 en data 01/02/2017, que comunica que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ven de publicar a Resolución do 19 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 20 de 30 de xaneiro de 2017), pola que se fai público o

importe do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos a aplicar pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) para o ano 2017, fixándoo na suma de 68,25 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.2.- ESCRITOS PARTICULARES**

### **2.2.1.- ESCRITO DE D. RAMÓN MARIÑO SÁNCHEZ SOLICITANDO AS EXENCIONS FISCAIS NO IBI DE BENS CATALOGADOS NO PXOM DE BOIMORTO**

Pola secretaria dáse conta ao escrito presentado por D. Ramón Mariño Sánchez, con rexistro de entrada no concello co número 341 o día 16/02/2017, no que expón que na finca con referencia catastral 15010A508001840000JB da que é propietario existen varias edificacións catalogadas no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto cos códigos DO-8 (muiño) e DO-10 (casa e anexos) e **SOLICITA:**

<<Que se apliquen as exencións fiscais no IBI, previstas na lexislación vixente en canto á consideración de ben catalogado, tanto no referente ás construcións como á parte do resto da parcela 184 que figura como protexida por patrimonio.

Loxicamente dita aplicación de exención debe afectar non só aos anos anteriores senón tamén aos pasados nos que non se tivo en conta e que, en consecuencia, gravaron indebidamente o imposto de contribución (IBI) sobre dita propiedade.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**

**PRIMEIRO.-** Comunicar ó interesado que na ordenanza fiscal do IBI deste Concello en relación co artigo 62.2.b) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais Real decreto lexislativo 2/2004 está prevista unha exención que é aplicable sempre previa solicitude e dende dita solicitude do interesado e baixo os requisitos nesta normativa indicados.

**SEGUNDO.-** Delegada a recadación deste tributo na Excm. Deputación Provincial de A Coruña remitir esta solicitude a dita entidade aos efectos oportunos e notificar este acordo ó interesado.

## **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS**

### **3.1.- LICENZAS**

#### **3.1.1.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE PARA EXPLOTACIÓN DE POLOS NA PARROQUIA DE BUAZO, A INSTANCIA DE D. JUAN JESÚS PETEIRO LÓPEZ EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE AVÍCOLA HERMANOS PETEIRO, S.C.**

Visto o escrito número 2894 de data 18/11/2017 no que por D. Juan Jesús Peteiro López actuando en representación da entidade Avícola Hermanos Peteiro, S.C. solicita a visita de comprobación ás instalacións destinadas para a actividade dunha nave para explotación de polos no lugar de Sobreira, parroquia de Buazo, na finca nº 294 e se conceda a licenza para a posta en funcionamento da actividade.

Visto a acta de comprobación do enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Angel Delgado Cid, colexiado nº 4.657 no que se informa favorablemente a posta en funcionamento da actividade tras a visita de comprobación realizada para o outorgamento de licenza definitiva de actividade en data 13/02/2017

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a D. Juan Jesús Peteiro López, en representación da entidade Avícola Hermanos Peteiro, S.C licenza definitiva de actividade dunha nave para explotación de polos si-

ta no lugar de Sobreira, parroquia de Buazo, actividade a desenvolver cumprindo as medidas correctoras que constan no expediente.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecementos en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto, que deberá ser ingresada previamente, sen a cal a licenza non producirá efecto ningún.

Base impositiva superficie ocupada = 2.565 m<sup>2</sup>

Tipo = 1 €/m<sup>2</sup>

Cuota a ingresar: **2.565** Euros.

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

### **3.1.2.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 12-03-2016**

Neste intre, auséntase da sala de reunións da Xunta de Goberno Local, o concelleiro D. José Balado Casal por ter relación con este asunto.

Vista a solicitude presentada por D. José Balado Casal con DNI nº 76514858E en calidade de presidente da asociación de cazadores “Do Barro” de Boimorto, e con domicilio en Lugar Queis - Azanca nº 24, Santa Cruz de Montaos, Ordes, na que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 12/03/2017 de 11.30 a 13.00 h da tarde para a celebración dunha reunión de cazadores.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Autorizar ao presidente da asociación de cazadores “Do Barro” de Boimorto, D. José Balado Casal, ó uso do salón de actos da casa de cultura para o día 12/03/2017 de 11.30 a 13.00 h da mañá.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer contra mesmo.

De seguido, incorpórase a Xunta de Goberno Local, o concelleiro D. José Balado Casal.

### **3.1.3.- CAMBIO DE TIULARIDADE EN LICENZA DE ACTIVIDADE. SOLICITANTE: MARTÍN SÁNCHEZ LÓPEZ. ESTABLECEMENTO: TALLER JULIO REY EN RÚA ESTRADA DE LANZÁ Nº 2 BAIXO - BOIMORTO.**

Visto o expediente incoado por D. Martín Sánchez López, con DNI 78804034P de cambio de titularidade que figura a nome de D. Julio Rey Costoya, a licenza de taller mecánico, denominado “Taller Julio Rey”, sito en rúa Estrada de Lanza número 2 baixo (Boimorto), así como a documentación aportada.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Tomar razón do cambio de titularidade da licenza de actividade de taller mecánico denominado “Taller Julio Rey”, sito en rúa Estrada de Lanza número 2 baixo (Boimorto).

**SEGUNDO.-** En consecuencia, que conste a favor de MARTIN SÁNCHEZ LÓPEZ o cambio de titularidade da Licenza de actividade coas mesmas características que a licenza orixinaria; e sen prexuízo das restantes autorizacións que no seu caso lle corresponda outorgara outros organismos públicos. Do mesmo xeito, o cambio de titularidade outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**TERCEIRO.-** Notificar tanto ao transmitente como ao adquirente o presente acordo.

### **3.2.- AUTORIZACIÓNS**

#### **3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 1/2017**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 349, con data 17/02/2017, presentada por D. José Ramón Seoane Sánchez, con domicilio a efectos de notificacións en C. Pérez Constanti 9 2º 15702 Santiago de Compostela, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Marmoiral número 2, parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 23/02/2017

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. José Ramón Seoane Sánchez, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Marmoiral número 2, Dormeá, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

#### **3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 2/2017**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 357, con data 20/02/2017, presentada por D. Ramón Mariño Sánchez, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Boavista nº 5, Dormeá, 15816 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Boavista número 5, parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 23/02/2017

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Ramón Mariño Sánchez, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Boavista número 5, Dormeá, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

#### **4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

##### **4.1.1.- URBANISMO**

##### **4.1.1- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 2/2017) PARA LEGALIZACIÓN DE PORCHE E ALPENDRE NA RÚA VILANOVA 9, DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DÑA. VANESA PONTE SUEIRO.**

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de Dña. Vanesa Ponte Sueiro con DNI nº 53300711M, e domicilio a efectos de notificacións en rúa Vilanova núm. 9, do núcleo urbano de Boimorto, 15817 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 1.656 en data 18/07/2016, para realizar as obras de legalización de porche e alpendre na rúa Vilanova, 9, do núcleo urbano de Boimorto, Referencia catastral do inmovible: 1221807NH7612S0001UF, consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo arquitecto técnico D. Miguel Rey Vázquez, colexiado número 2.710; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

Vista a resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, rexistro de entrada 209 en data 01/02/2017, sobre a intervención no Camiño de Santiago, autorizando as obras.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 15/02/2017 dos servizos técnicos municipais por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o acordo asinado ante a secretaria en data 17 de febreiro de 2017 das propietarias colindantes.

Visto o informe de Secretaría de 23/02/2017 coas advertencias nel contidas.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a Dña. Vanesa Ponte Sueiro con DNI nº 53300711M (LO 2/2017), para executar as obras de legalización de porche e alpendre na rúa Vilanova, 9, do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

.- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.- As obras a realizar consistirán en:

.- Legalización dun porche e un alpendre auxiliares da vivenda existente na parcela. O porche está acaroado á vivenda na súa parte posterior, ocupando practicamente todo o ancho da vivenda, cunhas dimensións de 7,05 x 2,75 m e unha superficie de 19,38 m<sup>2</sup>. A súa altura é de 3,5 m. Pola súa banda, o alpendre ten unhas dimensións de 5,38 x 3,40 m, cunha superficie de 18,29 m<sup>2</sup>, e unha altura de 3,0 m, atopándose aberto por todos os seus lados e acaroado aos lindes Este e Sur da finca. A superficie total construída das obras a legalizar é de 37,67 m<sup>2</sup>.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 11.706,51 €uros.  
Liquidación 2%: **234,13 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Dna. Vanesa Ponte Sueiro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

#### **4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 30 de xaneiro de 2017 (RE núm. 197) coas seguintes características:

##### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Florentina López González
DNI:	76475444F
Domicilio:	Lg. Orros núm. 17 - Andabao - 15816 Boimorto

##### Datos da obra:

Obxecto:	Reparación de tellado con plancha de uralita e tella do país en obra existente e canalón de aluminio, 140 m2 de tellado, 20 m de canalón
Situación:	Lg. Orros núm. 17 - Andabao
Referencia catastral:	15010A504005140001KL
Orzamento de execución:	5.500,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria, estando na zona de afección da estrada da Deputación Provincial DP-1004 e na zona de policía de augas do Rego da Pena
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección de Augas de Galicia de data 28/11/2016 (Clave: DH.W15.54205) e Resolución do servizo de vías e obras da Deputación Provincial de data 14/12/2016 (Expediente núm. 2016000009082) autorizando as obras.
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid de data 1 de febreiro de 2017

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento ás condicións xerais e particulares da resolución do 28/11/2016 da Dirección de Augas de Galicia e ás condicións técnicas e prevencións da resolución do 14/12/2016 do servizo de vías e obras da Deputación da Coruña.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 7.906,20 €uros

Liquidación 2%: **158,12 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Dna. Florentina López González indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

#### **4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 27 de xaneiro de 2017 (RE núm. 195) coas seguintes características:

##### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Manuel Felpete Sánchez
DNI:	32339478Y
Domicilio:	Lg. Canto do Balo núm. 10 - Arceo - 15818 Boimorto

##### Datos da obra:

Obxecto:	Levantado da cuberta de tella dunha vivenda existente e colocación doutra nova, cunha superficie de 84 m2.
Situación:	Lg. Canto do Balo núm. 10 - Arceo
Referencia catastral:	15010A507003490001KF
Orzamento de execución:	2.200,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural ordenanza de orixinario disperso.
Autorización sectoriais:	Resolución do servizo de vías e obras da Deputación Provincial de data 05/01/2017 (Expediente núm. 2016000010672) autorizando as obras.
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid de data 30 de xaneiro de 2017

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento as condicións técnicas e prevencións da resolución do 05/01/2017 do servizo de vías e obras da Deputación da Coruña.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.



**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 3.609,60 €uros

Liquidación 2%: **72,19 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Manuel Felpete Sánchez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

#### **4.1.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-005**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 13 de xuño de 2016 (RE núm. 1289) coas seguintes características:

##### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Manuel Rico Rey
CIF:	32308975R
Domicilio:	Lg. Coto Salgueiro núm. 1 - Ánxeles - 15816 Boimorto

##### Datos da obra:

Obxecto:	Construción dun cerramento na fachada da parcela situada no número 1 da rúa Casal de Munín, no núcleo urbano de Boimorto, cunha lonxitude de 43,90 metros lineais, reservándose dous accesos, un peonil e outro para vehículos. Será a base de muro de bloque de formigón de 0,6 m de altura, enfuscado e pintado en cor branco ou ocre, sobre o que se colocarán dúas filas de cubremuros cunha altura de 7 cm. Por riba colocarase malla metálica de 1 m de altura. Desta maneira a altura total do cerramento será de 1,67 m.
Nome do técnico redactor da memoria técnica	D. Daniel Ramos Agra, enxeñeiro técnico en topografía, colexiado nº 8.087
Situación:	Rúa Casal de Munín - Boimorto
Referencia catastral:	0916112NH7601N0001PI
Orzamento de execución:	1.385,03 €uros
Calificación urbanística:	Solo urbano ordenanza de edificación extensiva
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 18/01/2017 autorizando as obras (exp. nº 2016/1117 CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 8 de febreiro de 2017)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de

2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**Darase cumprimento á resolución do 18/01/2017 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.**

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 6.691,76 €uros

Liquidación 2%: **133,84 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Manuel Rico Rey indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

#### **4.1.5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004**

Neste intre pasa a presidir a sesión o primeiro tenente de alcalde e retírase Dna. María Jesús Novo Gómez debido ao conflito de interés que supón o parentesco co solicitante.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 21 de xullo de 2016 (RE núm. 1.692) coas seguintes características:

##### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Félix Lamas Boado
DNI:	44813698S
Domicilio:	Rúa Vilanova núm. 7 - Boimorto 15817 Boimorto

##### Datos da obra:

Obxecto:	Fabricación e colocación de galería para mellorar a eficiencia enerxética (substitución do aluminio actual por outro con rotura de ponte térmico de 65 mm e dobre acristalamento con cámara de 20 mm) mantendo a estrutura e estética da fachada, formada por: 4 ventás de 1 folla oscilobatiente, con parte fixa superior de chapa e parte fixa inferior de dobre cristal (6/cámara 20/carglas 4), en aluminio lacado verde exterior-branco interior, serie RPT 65
Situación:	Rúa Vilanova núm. 7 - Boimorto
Referencia catastral:	1221806NH7612S0001ZF
Orzamento de execución:	1.239,67 €uros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.
